

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN A

1. **Define os seguintes termos** (extensión recomendada, 3-4 liñas por termo) (2 puntos, 0,5 por termo):
-Decretos de Nova Planta, Estatuto Real, Bienio Negro, Contubernio de Munich.
2. **Explica a seguinte cuestión** (extensión recomendada unha cara de folio, 25/30 liñas) (3 puntos):
Escolle e responde só unha destas dúas opcións:
a) Reformismo e Ilustración no reinado de Carlos III: reformas económicas e fomento da educación.
b) As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.
3. **Composición histórica** (5 puntos):
Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a vida política da Restauración. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos aos obxectivos e ao funcionamento do sistema de quendas entre partidos, ás características dos mecanismos electorais que o facían posible e aos seus efectos.

Doc. 1. O turnismo visto polo historiador Miguel Artola:

“A quenda é unha fórmula política que ofrece vantaxes inmediatas a cambio de enormes riscos a medio prazo... No canto da inestabilidade e o perigo, a quenda ofrece, a cambio dunha pequena manipulación, a posibilidade de que ambos os partidos poidan desenvolver os seus programas satisfacendo a maior número de electores e asegurando unha evolución pacífica (...). Os efectos perversos da quenda pactada derivanse da perda de información respecto da opinión pública (...). A separación conceptual da España real e a España oficial que leva irremisiblemente aparelada a contraposición dunha e outra, así como a condena da última, non é máis que a consecuencia previsible e inevitable da aceptación do principio da quenda”.

Fonte: J.L. García Delgado y otros, *La España de la Restauración*, Madrid, Editorial s. XXI, 1985, p. 15.

Doc. 2. Artigo contra o caciquismo publicado no xornal *El Imparcial*, o 18 de outubro de 1883:

“É necesario (...) poñer man nisto e romper esa vinculación de poderes, pola que resulta que unha soa persoa, allea a todo cargo oficial, e libre, por tanto, de toda responsabilidade, constitúe unha maxistratura anónima, pero omnipresente e práctica, un despotismo peor cen veces que o dos reis absolutos, porque tendo por seus ao recadador de impostos, ao alcalde e ao xuíz; a facenda, a honra e ata a vida dos homes honrados están á mercé dese gran especulador da política que se chama cacique (...).”

Doc. 3. O fraude electoral segundo Benito Pérez Galdós (1884):

“É moi triste como se fixeron as últimas eleccións, co menor número posible de electores, con bastantes resurreccións de mortos e non poucas violencias e atropelos. Xa é costume que só voten os que dunha maneira ou outra sacan partido das amizades e servizos políticos, e a inmensa maioría da nación, mirando tan importante acto con desdén, abstense de tomar parte nel, segura de non alcanzar por procedementos representativos o remedio dos seus males (...). Resultado desta fraude pública, é que as eleccións as fai o ministro da Gobernación, e daquela fábrica de votos saen tamén as minorías. Non podendo marchar ben o sistema sen oposición, o goberno fábricaa co mesmo celo que pon na construción da maioría”.

Fonte: B. Pérez Galdós, “Política española”, *Antología de artículos*, 1884.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

1. **Define os seguintes termos**(extensión recomendada, 3-4 liñas por termo) (2 puntos, 0,50 por termo):
-Motín de Esquilache, desamortización, pucheirazo, Plataxunta.
2. **Explica a seguinte cuestión** (extensión recomendada unha cara de folio, 25/30 liñas) (3 puntos):
Escolle e responde só unha destas dúas opcións:
a) O reformismo borbónico: os cambios da administración territorial.
b) O franquismo: características e institucionalización.
3. **Composición histórica** (5 puntos):
Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre o establecemento da II República. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos ás circunstancias que permitiron a implantación do réxime republicano, á orientación política das principais forzas do momento e ás características máis destacadas da constitución de 1931.

Doc. 1. Manifiesto de Alfonso XIII á nación, publicado no xornal monárquico ABC o 14 de abril de 1931:

“As eleccións celebradas o domingo revélanme claramente que non teño hoxe o amor do meu pobo. A miña conciencia dime que ese desvío non será definitivo, porque procurei sempre servir a España, posto o único afán no interese público ata nas máis críticas conxunturas.

Un Rei pode equivocarse, e sen dúbida erreí eu algunha vez (...). Son o Rei de todos os españois, e tamén un español. Acharía medios sobrados para manter as miñas rexias prerrogativas, en eficaz loita con quen as combate. Pero, resoltamente, quero apartarme de canto sexa lanzar a un compatriota contra outro en fratricida guerra civil. Non renuncio a ningún dos meus dereitos, porque máis que meus son depósito acumulado pola Historia, de cuxa custodia ha de pedirme algún día conta rigorosa”.

Doc. 2. Principais resultados das eleccións do 28 de xuño de 1931.

| <i>Partidos</i> | <i>Líderes</i> | <i>Nº escanos</i> |
|-----------------------------------|----------------------|-------------------|
| Partido Socialista Obrero Español | Julián Besteiro | 115 |
| Partido Republicano Radical | Alejandro Lerroux | 90 |
| Partido Radical Socialista | Marcelino Domingo | 61 |
| Esquerra Republicana de Cataluña | Francesc Maciá | 29 |
| Acción Republicana | Manuel Azaña | 26 |
| Derecha Liberal Republicana | Niceto Alcalá-Zamora | 25 |

Doc. 3. Título Preliminar da constitución española aprobada o 9 de decembro de 1931.

“Artigo 1º. España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de Liberdade e de Xustiza.

Os poderes de todos os seus órganos emanan do pobo. A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e as Rexións.

Art. 2º. Todos os españois son iguais ante a lei.

Art. 3º. O Estado español non ten relixión oficial”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN A

1. **Define os seguintes termos** (extensión recomendada, 3-4 liñas por termo) (2 puntos, 0,50 por termo):
-Antigo Réxime, cantonalismo, Directorio Militar, Sección Feminina.
2. **Explica a seguinte cuestión** (extensión recomendada unha cara de folio, 25/30 liñas) (3 puntos):
Escolle e responde só unha destas dúas opcións:
a) Os principios básicos do ideario ilustrado.
b) A Primeira República (proxecto de constitución federal e cantonalismo).
3. **Composición histórica** (5 puntos):
Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril na España do século XIX. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos á evolución dos sectores téxtil e siderúrxico e as súas diferenzas rexionais, así como ás características do desenvolvemento ferroviario español e os seus efectos sobre o conxunto da economía.

Doc. 1. En 1860 o escritor catalán Manuel Angelón describía o desenvolvemento industrial de Cataluña:

“En España a palabra industria trae infaliblemente á memoria a palabra Cataluña. O principado é sen dúbida o núcleo da forza e riqueza industrial da Península; Barcelona é chamada por propios e estraños a Manchester da nosa querida patria (...).

Non hai probablemente industria ningunha que non teña en Cataluña a súa representación, e non en pequena escala, senón en vastas proporcións. Os fiados e tecidos de algodón, os estampados, os tecidos de seda e la nas súas múltiples calidades, damascos, veludos, tisús, encaixes, máquinas, papel, todo se fabrica no antigo principado”.

Fonte: M. Angelón, *Isabel II. Historia de la reina de España*, Barcelona, López Bernegosi Editor, 1860, p. 559.

Doc. 2. Distribución rexional da produción siderúrxica española (medias anuais en miles de toneladas):

| Período | Produción | Andalucía | Biscaia | Asturias |
|-----------|-----------|-----------|---------|----------|
| 1861-1865 | 45,65 | 14,65 | 11,73 | 13,17 |
| 1871-1875 | 45,53 | 4,46 | 8,72 | 24,90 |
| 1881-1885 | 131,59 | 2,89 | 76,71 | 40,08 |
| 1896-1900 | 289,24 | | 227,69 | 102,81 |

Fonte: Jordi Nadal, *El fracaso de la Revolución Industrial en España*, Barcelona, Ed. Ariel, 1975, p.167.

Doc. 3. En febreiro de 1851 o diario conservador *El Heraldo* faciase eco da inauguración do ferrocarril Madrid-Aranxuez:

“Poucas solemnidades viu Madrid desde a súa fundación que poidan compararse en brillo, (...) en esperanza do porvir, á que presenciou o domingo. A inauguración do ferrocarril de Aranxuez é o primeiro paso que dá a capital da monarquía cara ao mar; é o anuncio seguro de que tarde ou cedo os ricos produtos de Castela, da Mancha e dalgunhas provincias meridionais, estancados hoxe, e afogando na súa improdutivo abundancia ao seu mesmo produtor, impedindo a creación de capitais, e deixando ermos campos feraces que poderían alimentar a metade de Europa, lograsen baleirarse nos grandes mercados do mundo, e cambiarse polos produtos que necesitamos e de que carecemos”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

1. **Define os seguintes termos** (extensión recomendada, 3-4 liñas por termo) (2 puntos, 0,50 por termo):
-Catastro de Ensenada, afrancesados, Manifesto de Sandhurst, Sindicato Vertical.
2. **Explica a seguinte cuestión** (extensión recomendada unha cara de folio, 25/30 liñas) (3 puntos):
Escolle e responde só unha destas dúas opcións:
a) Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.
b) A crise da UCD e o golpe de estado.
3. **Composición histórica** (5 puntos):
Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos ás diversas causas da crise, os seus efectos sobre o sistema de quendas e o agravamento da situación provocado polo desastre de Annual.

Doc. 1. Petición da *Asamblea de Parlamentarios*. Barcelona, 19 de xullo de 1917:

“A política do actual Goberno, sobre significar unha provocación a Cataluña e a España enteira, constitúe á vez un agravio ao Parlamento e un obstáculo a que as ansias de renovación que sente o país poidan obter normal satisfacción.

(...) Que declarando o Goberno e os partidos que teñen maioría nas actuais Cortes, que estas non poidan actuar en funcións de constituíntes, e considerando a Asemblea que urxe deliberar e resolver sobre a organización do Estado, a autonomía dos municipios e os demais problemas que as circunstancias expoñen con prexa inaprazable para a vida do país, entenden que é indispensable a convocatoria de novas Cortes, que en funcións de constituíntes, poidan deliberar sobre estes problemas e resolvelos”.

Doc. 2. Manifesto do Comité de folga á clase traballadora. Madrid, 12 de agosto de 1917:

“Aos obreiros e á opinión pública: Chegou o momento de poñer en práctica, sen vacilación ningunha, os propósitos anunciados polos representantes da U.X.T. e da C.N.T. no manifesto suscrito por estes organismos no mes de marzo último.

(...) Pedimos a constitución dun Goberno provisional que asuma os poderes executivos e moderador e prepare, previas as modificacións imprescindibles nunha lexislación viciada, a celebración de eleccións sinceras, dunhas Cortes constituíntes que aborden, en plena liberdade, os problemas fundamentais da constitución política do país. Mentres non se conseguiu ese obxectivo, a organización obreira áchase absolutamente decidida a manterse na súa actitude de folga”.

Doc. 3. Discurso parlamentario pronunciado por Indalecio Prieto en outubro de 1921 sobre o Desastre de Annual.

“(…)vistes, señores, despois dun desastre da magnitude do que foron teatro aquelas odiosas terras da zona de Melilla, a frugalidade, a sobriedade, a sequidade con que o señor presidente do Consello o expuxo ante o país: unhas cantas frases para dicir que non podía haber esaxeración ao cualificar o desastre; unha ausencia total, absoluta, de datos sobre a contía e magnitude da catástrofe e a máis absoluta ausencia tamén de todo xuízo sobre as causas que a procrearon”.

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

OPCIÓN A

Definición do termo **Decretos de Nova Planta (ata 0,5 puntos)**

| | |
|------------------------------------|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| Suspenso (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta. |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -conxunto de decretos promulgados por Felipe V. -decretos datados na primeira década do século XVIII. -aboliron os privilexios e institucións da Coroa de Aragón. |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado, criterio que se mantén en todas as rúbricas): -decretos promulgados a raíz da Guerra de Sucesión (1702-1714). -supuxeron a imposición da organización político-administrativa e as leis de Castela e o uso do castelán como lingua administrativa. -xustificáronse polo apoio de Aragón, Valencia, Mallorca e Cataluña ó pretendente Carlos de Austria. -supuxeron un avance cara a unha centralización política. Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -foron promulgados entre 1707 e 1716. -Navarra e as Provincias Vascas conservaron os seus foros pola súa fidelidade a Felipe V. Redacción: correcta e ben exposta. |

Definición do termo **Estatuto Real (ata 0,5 puntos)**

| | |
|----------------------------|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| Suspenso | Resposta confusa ou incompleta. |

| | |
|------------------------------------|---|
| (0,15-0,2) | |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -carta outorgada por María Cristina de Borbón. -datada na terceira década do século XIX, durante a rexencia provocada pola minoría de idade de Isabel II. -tratábase, en realidade, dunha convocatoria a Cortes. |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -datada na época da rexencia (1833-1840). -impuxo un réxime no que o rei mantiña importantes cotas de poder. -foi redactado a instancias de Martínez de la Rosa, liberal de signo moi moderado. Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -promulgouse en 1834 e estivo en vigor ata 1836. -o seu carácter conservador provocou o rexeitamento da maior parte dos liberais. -non satisfizo ós absolutistas, que seguiron apoiando o carlismo. Redacción: correcta e ben exposta. |

Definición do termo **Bienio Negro** (ata 0,5 puntos)

| | |
|------------------------------------|--|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| Suspenso (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta. |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -etapa da II República (1931-1936), chamada tamén Radical-Cedista. -protagonizada por un goberno de dereitas que desmantelou as reformas do anterior bienio de esquerdas. |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -datado entre novembro de 1933 e febreiro de 1936. -foi unha etapa encabezada por un goberno de dereitas presidido polo Partido Radical e co apoio da CEDA. -subvencionou o culto católico. -paralizou a reforma agraria e devolveu as terras ós antigos propietarios. Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -o Partido Radical estaba encabezado por Lerroux e a CEDA por Gil Robles. -o goberno exerceu unha dura represión na revolución que se organizou en Asturias e Cataluña en 1934. Redacción: correcta e ben exposta. |

Definición do termo **Contubernio de Múnic (ata 0,5 puntos)**

| | |
|------------------------------------|---|
| Suspense (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto. |
| Suspense (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta. |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -participación de disidentes e opositores ó franquismo nun congreso europeísta organizado en Múnic. -tivo lugar durante a etapa final da ditadura, que o cualificou así de maneira sarcástica. -demandaba a instauración dun réxime democrático en España. |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -congreso celebrado en Múnic en 1962. -nel participaron políticos de diversas tendencias: monárquicos, demócratas, liberais, republicanos ou socialistas. -solicitaban o recoñecemento das liberdades individuais e políticas. Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -tivo lugar despois do intento fracasado de ingreso de España na CEE. -participaron un centenar de representantes españois. -implicou unha severa represión tras o seu regreso ó país. Redacción: correcta e ben exposta. |

Pregunta para desenvolver: **Reformismo e Ilustración no reinado de Carlos III: reformas económicas e fomento da educación (ata 3 puntos)**

| | |
|-----------------------|--|
| Suspense (0-0,6) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspense (0,9-1,2) | Resposta confusa, que revela a incompreensión do problema formulado. Resposta incompleta, que revela a falta de coñecementos. |
| Aprobado (1,5-1,8) | Resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -importancia do reinado de Carlos III, principal representante do Despotismo Ilustrado en España. -programa de reformas desenvolvido no ámbito económico; resposta que explica sucintamente polo menos dúas destas cuestións: mellora da agricultura, fomento das actividades artesanais, potenciación da industria popular, impulso do comercio, recoñecemento da honorabilidade dos traballos artesáns. -programa de reformas desenvolvido no ámbito cultural; resposta que explica sucintamente polo menos unha destas cuestións: creación de escolas populares e academias para a aprendizaxe de oficios, creación das Sociedades Económicas de Amigos do País, reforma da |

| | |
|--------------------------|--|
| | Universidade. |
| Notable (2,1-2,4) | <p>Resposta que demostra o coñecemento do tema:</p> <ul style="list-style-type: none"> -sinálase a importancia da Ilustración como corrente ideolóxica que contribuíu á disolución do Antigo Réxime. -programa de reformas económicas: explícase con certa profundidade polo menos dúas das cuestións referenciadas. -programa de reformas culturais: explícase con certa profundidade polo menos unha das cuestións referenciadas. <p>Redacción: correcta.</p> |
| Sobresaliente (2,7-3) | <p>Resposta con precisións e aclaracións, que demostra capacidade de expresión:</p> <ul style="list-style-type: none"> -destaca o importante papel xogado polos colaboradores do rei no desenvolvemento das reformas e cita algún (Campomanes, Floridablanca...). -programa de reformas económicas e culturais: explícanse con certa profundidade as cuestións referenciadas. -explica a oposición atopada polo monarca para aplicar o seu programa de reformas. <p>Redacción: correcta, que demostra capacidade argumentativa, dominio do vocabulario e capacidade de síntese.</p> |

Pregunta para desenvolver: **As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812**

| | |
|--------------------------|---|
| Suspense (0-0,6) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspense (0,9-1,2) | Resposta confusa, que revela a incompreensión do problema formulado. Resposta incompleta, que revela a falta de coñecementos. |
| Aprobado (1,5-1,8) | <p>Resposta básica que incide nas seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> -as razóns para a convocatoria de Cortes en Cádiz. -contexto: Guerra da Independencia (1808-1812). -as características dos deputados reunidos. -as características básicas da Constitución de 1812 (recoñecemento da soberanía nacional e separación de poderes). |
| Notable (2,1-2,4) | <p>Resposta que demostra o coñecemento do tema:</p> <ul style="list-style-type: none"> -explicación do proceso de convocatoria das Cortes. -promulgación da constitución o 19 de marzo de 1812. -referencia ós principais artigos da Constitución. <p>Redacción: correcta.</p> |
| Sobresaliente (2,7-3) | <p>Resposta con precisións e aclaracións, que demostra capacidade de expresión:</p> <ul style="list-style-type: none"> -referencia a outras leis e decretos aprobadas nas Cortes (abolición do réxime señorial, intento de iniciar unha reforma agraria, impulso ó liberalismo económico). -referencia ás dificultades atopadas para o establecemento do réxime liberal. <p>Redacción: correcta, que demostra capacidade argumentativa, dominio do vocabulario e capacidade de síntese.</p> |

| | |
|--|--|
| | |
|--|--|

Composición histórica: **A vida política da Restauración** (ata 5 puntos):

| | |
|-----------------------|--|
| Moi deficiente (0-1) | Resposta en branco (0). A resposta é unha paráfrase dos documentos (1). |
| Deficiente (1,5-2) | Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5). Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, fórmulase como a resposta a unha pregunta teórica (2). |
| Aprobado (2,5-3) | Contidos: -referencia básica ó contexto do período (obxectivos do sistema bipartidista implantado polo canovismo e características xerais del). -explicación básica do proceso electoral e do papel que xogaba o cacique nel. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. |
| Notable (3,5-4) | Contidos (ademais do esixido para o aprobado): -explicar cando empeza o <i>turnismo</i> e canto tempo estivo funcionando. -explicar cales eran os partidos da quenda e as súas características. -explicar as prácticas coercitivas sobre o electorado. Uso dos documentos, a resposta analiza parte do contido dos documentos: vantaxes e inconvenientes do sistema (doc. 1), actuacións e capacidades atribuídas ós caciques (doc. 2), estratexias da manipulación electoral (doc. 3). Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (4,5-5) | Contidos (ademais do esixido para o aprobado e o notable): -precisar como se desenvolveu o sistema de quenda no tempo e cales foron os dirixentes dos principais partidos. -extráese unha conclusión que sintetice a relevancia do período analizado e perfila o que será o futuro do tema presentado. Uso dos documentos: a resposta profundiza nos documentos. Redacción: correcta e precisa, e o texto está ben argumentado. |

OPCIÓN B

Definición do termo **Motín de Esquilache** (ata 0,5 puntos)

| | |
|------------------|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incompreensión do termo. |
| Suspenso | Resposta confusa ou incompleta. |

| | |
|-----------------------------|--|
| (0,15-0,2) | |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -levantamento popular que tivo lugar en Madrid durante o reinado de Carlos III. -foi froito da oposición ás medidas impulsadas polo ministro real Esquilache. |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con alguna destas aclaracións adicionais: -a orixe do conflito foi o descontento pola subida do prezo do pan provocada por malas colleitas e especulación. -desenvolveuse nun contexto de malestar popular por outras medidas reformadoras do momento. -as medidas pretendían mellorar a limpeza urbana e a iluminación da cidade. -entre as medidas figuraban algunhas prohibicións: uso de capas longas, sombreiros de ala ancha ou xogos de azar. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -tivo lugar en 1766. -a situación foi aproveitada por grupos nobiliarios e eclesiásticos contrarios á política de reformas. -a revolta tivo como consecuencia a caída de Esquilache e un xiro no programa reformista, emprendido agora por ministros españois. |

Definición do termo **Desamortización** (ata 0,5)

| | |
|-----------------------------|--|
| Suspense (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto. |
| Suspense (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta. |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -modificación do réxime de propiedade. -apropiación e venda polo estado de propiedades institucionais. -afecta a aquelas institucións que tiñan prohibida a venda dos seus bens raíces. |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunhas aclaracións adicionais: -está ligada ós cambios que proveñen da implantación do sistema liberal en España. -supuxo unha gran alteración da estrutura da propiedade do Antigo Réxime. -a venda das propiedades facíase en réxime de poxa pública. -as principais operacións fixéronse en tempos de Mendizábal e Madoz. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -as principais operacións fixéronse a instancias de Mendizábal (1835), Espartero (1840) e Madoz (1855). -as principais operacións coinciden con momentos nos que os progresistas acceden ó poder. |

Definición do termo *Pucherazo* (ata 0,5 puntos)

| | |
|----------------------------------|---|
| Suspense (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo. |
| Suspense (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta. |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -manipulación dos resultados electorais. -o procedemento consistía na substitución masiva dos votos emitidos nunha urna en beneficio dun candidato concreto. |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -o sistema desenvolveuse en paralelo o réxime de quenda. -hai que relacionala coa coacción empregada polos caciques para conseguir os resultados electorais desexados. -foi unha operación frecuente no período da Restauración. Redacción: correcta. |
| Sobresaliente e (0,45-0,5) | Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -foi un procedemento desenvolvido a partir de 1875. -con esta práctica conseguían situar ó encaixado no Parlamento. Redacción: correcta e ben exposta. |

Definición do termo *Plataxunta* (ata 0,5 puntos)

| | |
|----------------------------------|--|
| Suspense (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| Suspense (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta. |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -denominación popular outorgada a unha coalición de oposición ó franquismo formada na época da transición. |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -nela participaban comunistas, socialistas e democristiáns. -reclamaba amnistía e liberdade política. -tamén reclamaba o recoñecemento das nacionalidades históricas e a convocatoria a Cortes Constituíntes. -orixe do termo. Redacción: correcta. |
| Sobresaliente e (0,45-0,5) | Resposta con precisións a maiores, ben exposta e axustada: -estaba formada por dúas organizacións: a Plataforma para a Convergencia Democrática (impulsada polo PSOE) e a Xunta Democrática (impulsada polo PCE). -surxiu ante o inmovilismo do goberno de Arias Navarro. -o seu manifesto fundacional produciuse en marzo de 1976. Redacción: correcta e ben exposta. |

Pregunta para desenvolver: **O reformismo borbónico: os cambios da administración territorial (ata 3 puntos)**

| | |
|--------------------------|--|
| Suspenseo (0-0,6) | Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspenseo (0,9-1,2) | Resposta confusa, que revela a incompreensión do problema presentado. Resposta incompleta, que revela a falta de coñecementos. |
| Aprobado (1,5-1,8) | Resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -medidas impulsadas polo monarca Filipe V nun contexto de profunda reforma das institucións españolas. -tivo como principal expresión a creación das Intendencias, que se estableceron tanto na Coroa de Castela como na de Aragón. |
| Notable (2,1-2,4) | Resposta que demostra o coñecemento do tema: -caracterización das principais medidas: institucións destinadas a reforzar a capacidade interventora da monarquía e lograr un maior control do territorio. -orixe francesa dos intendentes responde á filosofía da nova administración borbónica. -figura que xerou unha forte oposición por parte das institucións e grupos de poder tradicionais. -reforma que tamén implicou a extensión das Capitanías Xerais, favorecendo a militarización da administración. Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (2,7-3) | Resposta con precisións e aclaracións, que demostra capacidade de expresión: -carácter flutuante da Intendencia, que alcanzou o seu maior desenvolvemento en tempos do marqués de Ensenada (1749) e facilitou a realización do Catastro. -capacidades recoñecidas ós intendentes: supervisión fiscal e militar, control dos gobernos locais e fomento da economía. Redacción: correcta, que demostra capacidade argumentativa, dominio do vocabulario e capacidade de síntese. |

Pregunta para desenvolver: **O franquismo: características e institucionalización**

| | |
|------------------------|---|
| Suspenseo (0-0,6) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspenseo (0,9-1,2) | Resposta confusa, que revela a incompreensión do problema formulado. Resposta incompleta, que revela a falta de coñecementos. |
| Aprobado (1,5-1,8) | Resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -definición do réxime franquista e datas que comprende. -características esenciais: réxime ditatorial, réxime personalista, réxime de natureza fascista. -proceso de institucionalización: referencia a algunha das Leis Fundamentais e das institucións creadas polo réxime, como as Cortes. |

| | |
|--------------------------|---|
| Notable (2,1-2,4) | <p>Resposta que demostra o coñecemento do tema:</p> <ul style="list-style-type: none"> -profundización nas características do réxime: figura do líder, antiparlamentarismo, rexeitamento dos partidos políticos, militarismo, nacionalcatolicismo... -profundización no proceso de institucionalización: breve explicación das leis fundamentais. -explicación do concepto de democracia orgánica. <p>Redacción: correcta.</p> |
| Sobresaliente (2,7-3) | <p>Resposta con precisións e aclaracións, que demostra capacidade de expresión:</p> <ul style="list-style-type: none"> -explicación en profundidade dalgunha das leis referenciadas. -referencia ás datas de promulgación das principais leis. <p>Redacción: correcta, que demostra capacidade argumentativa, dominio do vocabulario e capacidade de síntese.</p> |

Composición histórica: **O establecemento da II República (ata 5 puntos)**

| | |
|--------------------------|--|
| Moi deficiente (0-1) | <p>Resposta en branco (0).</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos (1).</p> |
| Deficiente (1,5-2) | <p>Contidos: xeneralidades sobre a época (1,5).</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, preséntase como a resposta a unha pregunta teórica (2).</p> |
| Aprobado (2,5-3) | <p>Contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -referencia básica ó contexto do período (eleccións municipais de 1931 e abandono de Afonso XIII). -explicación do proceso que levou á convocatoria de eleccións constituintes (papel do goberno provisional). -o triunfo dos partidos de esquerdas. -características básicas da constitución de 1931. <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción.</p> |
| Notable (3,5-4) | <p>Contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -características do goberno provisional presidido por Niceto Alcalá-Zamora. -referencia ós principais partidos da época e á súa ideoloxía. -principais características da constitución de 1931. <p>Uso dos documentos, a resposta analiza parte do contido dos documentos: argumentación de Afonso XIII, caracterización básica dos partidos que figuran na táboa 2, subliñado dos artigos que figuran no documento 3.</p> <p>Redacción: correcta.</p> |
| Sobresaliente (4,5-5) | <p>Contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -precisión sobre algunha das medidas do goberno provisional: amnistía para os presos políticos, proclamación de liberdades políticas e sindicais. -profundización na ideoloxía dos principais partidos da época. -profundización nas características da Constitución de 1931. |

| | |
|--|---|
| | <p>-valoración xeral do período analizado e breve referencia á situación posterior.</p> <p>Uso dos documentos:</p> <ul style="list-style-type: none">-a resposta ten en conta o medio de difusión do manifesto real (periódico monárquico <i>ABC</i>).-a resposta profundiza nas características dos partidos que figuran na táboa 2.-a resposta profundiza nos artigos da constitución que figuran no documento 3. <p>Redacción: correcta e precisa, o texto está ben argumentado.</p> |
|--|---|

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

OPCIÓN A

Definición do termo **Antigo Réxime** (ata 0,5 puntos)

| | |
|------------------------------------|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| Suspenso (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -sistema político e socioeconómico propio dos séculos XVI ao XVIII |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais(ademais do esixido para o aprobado, criterio que se mantén en todas as rúbricas): -denominación utilizada polos historiadores para referirse á época moderna -baseábase nunha economía de base agraria -caracterizábase por unha sociedade de carácter estamental Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -a monarquía absoluta era a forma predominante de goberno -a denominación foi utilizada polos revolucionarios franceses para referirse á monarquía de Luís XVI -foi o modelo político e socioeconómico que entrou en crise coa Revolución Francesa Redacción: correcta e ben exposta. |

Definición do termo **cantonalismo** (ata 0,5 puntos)

| | |
|-------------------------------|--|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto |
| Suspenso (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta |

| | |
|------------------------------------|---|
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -insurrección que tivo lugar durante a Primeira República -o seu obxectivo era implantar unha república federal -o proceso debía facerse “dende abaixo”, mediante a proclamación da soberanía das unidades territoriais inferiores, os cantóns |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -os focos de insurrección cantonalista xurdiron en Levante (Cartaxena) e Andalucía -o movemento desenvolveuse durante o goberno de Pi i Margall, republicano federal moderado -o movemento provocou a división dos republicanos federais en cantonalistas e moderados ou transixentes, partidarios da reorganización do Estado mediante unhas Cortes constituíntes Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -o movemento tivo lugar entre 1873 e 1874 -o fracaso da política de Pi y Margall provoca a caída do seu goberno e a represión da rebelión polo exército -os cantonalistas tamén defendían outras reformas, como a supresión de consumos e quintas ou o reparto da terra Redacción: correcta e ben exposta. |

Definición do termo **Directorio Militar(ata 0,5 puntos)**

| | |
|------------------------------------|---|
| Suspense (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto |
| Suspense (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -primeira etapa da Ditadura de Primo de Rivera -caracterizada por un goberno integrado exclusivamente por militares |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -goberno formado tras o golpe de estado de 1923, durante o reinado de Afonso XIII -O Directorio militar estaba presidido polo xeneral Miguel Primo de Rivera -governou por decreto, tras a clausura das Cortes -entre os seus principais obxectivos estaba poñer fin á guerra de Marrocos Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -o Directorio estaba datado entre 1923 e 1925 -o goberno caracterizouse pola restrición de dereitos e liberdades e a represión do movemento obreiro -puxo fin á guerra de Marrocos mediante o desembarco de Alhucemas en 1925 |

| | |
|--|---|
| | Redacción: correcta e ben exposta. |
|--|---|

Definición do termo **Sección Feminina (ata 0,5 puntos)**

| | |
|------------------------------------|---|
| Suspenseo (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto |
| Suspenseo (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -rama feminina da FET das Xons -organización destinada a integrar ás mulleres, desde a xuventude, no ideario do réxime -desenvolveu un modelo ideal de mulleres como esposas e nais, sometidas á tutela dos varóns |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -organización dirixida por Pilar Primo de Rivera, irmá do fundador da Falanxe -desenvolveu os seus obxectivos mediante programas de Iniciación ao Fogar e Educación Física en escolas e campamentos de verán -funcionou durante corenta anos, e foi disolvida na transición Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -foi fundada en 1934 -controlou o Servizo Social da Muller, os traballos sociais que debían realizar obrigatoriamente todas as mulleres españolas -impulsou obradoiros e publicacións destinadas a facilitar o adoutramento feminino -desapareceu en 1977 Redacción: correcta e ben exposta. |

Pregunta a desenvolver: **Os principios básicos do ideario ilustrado** (ata 3 puntos)

| | |
|------------------------|--|
| Suspenseo (0-0,6) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspenseo (0,9-1,2) | Resposta confusa, que revela a incompreensión do problema presentado. Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. |
| Aprobado (1,5-1,8) | Resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -a preeminencia outorgada polos ilustrados á razón fronte a tradición e as ideas preconcebidas -o desenvolvemento dun novo ideal humano, baseado na busca da felicidade -a importancia outorgada á educación como mecanismo para acadar os obxectivos de progreso -a oposición á Igrexa e os seus privilexios -a crítica ao absolutismo monárquico |

| | |
|--------------------------|---|
| | -a crítica aos privilexios sociais, sen cuestionar a orde social |
| Notable (2,1-2,4) | Resposta que demostra o coñecemento do tema: -ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explícase con certa profundidade polo menos un dos aspectos referenciados Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (2,7-3) | Resposta con precisións e aclaracións, que demostra capacidade de expresión: -explícanse con certa profundidade polo menos dúas das cuestións referenciadas Redacción: correcta, que demostra capacidade argumentativa, dominio do vocabulario e capacidade de síntese. |

Pregunta a desenvolver: **A Primeira República (proxecto de constitución federal e cantonalismo)** (ata 3 puntos)

| | |
|--------------------------|---|
| Suspense (0-0,6) | Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspense (0,9-1,2) | Resposta confusa, que revela a incompreensión do problema presentado. Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. |
| Aprobado (1,5-1,8) | Resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -a proclamación da Primeira República tras a abdicación de Amadeo de Saboia -a diversidade de proxectos políticos entre federais e radicais -os obxectivos do goberno de Pi y Margall -a elaboración do proxecto de Constitución federal -os grandes conflitos dos período: o levantamento cantonal |
| Notable (2,1-2,4) | Resposta que demostra o coñecemento do tema: -explícase cunha certa profundidade polo menos unha das cuestións referenciadas Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (2,7-3) | -Resposta con precisións e aclaracións, que demostra capacidade de expresión: -explícanse cunha certa profundidade polo menos dúas das cuestións referenciadas Redacción: correcta, que demostra capacidade argumentativa, dominio do vocabulario e capacidade de síntese. |

Composición histórica: **Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril na España do século XIX** (ata 5 puntos):

| | |
|-------------------------|---|
| Moi deficiente (0-1) | Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1) |
| Deficiente (1,5-2) | Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5) Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, preséntase como a resposta a unha pregunta teórica (2) |

| | |
|----------------------------------|--|
| <p>Aprobado (2,5-3)</p> | <p>Contidos: Referencia básica ás características da industria na España do s.XIX: -o desenvolvemento da industria algodoeira catalá e os avances do maquinismo -a expansión da siderurxia e o predominio da industria vasca -a construción do ferrocarril e os seus obxectivos (favorecer o desenvolvemento dun mercado nacional, fomento doutras actividades económicas) Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción.</p> |
| <p>Notable (3,5-4)</p> | <p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado): -explicar os factores que favoreceron a industria téxtil catalá (a tradición manufactureira, a existencia de capitais e dunha clase empresarial moi activa, o proteccionismo) -explicar os cambios na xeografía siderúrxica (os inicios en Málaga, o crecemento da industria asturiana polo uso da hulla e a expansión da biscaíña) -explicar o proceso de construción (as primeiras liñas, a importancia da Lei Xeral de Ferrocarrís de 1855, a introdución de capital estranxeiro) Uso dos documentos. A resposta analiza parte do contido dos documentos: o predominio de Cataluña no panorama industrial español e a importancia da mecanización (doc. 1), o crecemento da produción siderúrxica a partir dos anos 80, a perda de peso da industria andaluza e o crecemento da vasca (doc. 2), as expectativas creadas polas primeiras liñas ferroviarias (doc. 3). Redacción: correcta.</p> |
| <p>Sobresaliente (4,5-5)</p> | <p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado e o notable): -referencia a outras industrias téxtils (seda, liño) -referencias ás vinculacións existentes entre a siderurxia e as actividades mineiras -referencia ás características da rede ferroviaria española (rede radial, ancho de vía) -valoración xeral da problemática analizada Uso dos documentos: -a resposta ten en conta a condición de catalán e coetáneo aos feitos do autor do texto (doc. 1) -a resposta afonda na evolución da produción que figura na táboa 2 -a resposta ten en conta a orixe da información (diario conservador) do documento 3 Redacción: correcta e precisa, e texto está ben argumentado.</p> |

OPCIÓN B

Definición do termo **Catastro de Ensenada** (ata 0,5 puntos)

| | |
|-----------------------------|--|
| Suspenseo (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do termo. |
| Suspenseo (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta. |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -Avaliación da riqueza da Coroa de Castela feita no reinado de Fernando VI, a instancias do seu ministro, o Marqués da Ensenada |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -o seu obxectivo era a racionalización do sistema fiscal castelán, atendendo á filosofía do reformismo borbónico -na práctica supoñería a implantación da Única Contribución, tributo pensado para substituír as rendas provinciais - Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -constitúe unha fonte de gran valor para o estudo da poboación e a economía castelá da época -as protestas dos grupos privilexiados frustraron a aplicación do proxecto -tivo o seu inicio en 1749 e elaborouse durante varios anos co apoio dos intendentess - Redacción: correcta e ben exposta. |

Definición do termo **afrancesados** (ata 0,5 puntos)

| | |
|-----------------------------|--|
| Suspenseo (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto. |
| Suspenseo (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta. |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -españóis que apoiaban o goberno de Xosé I Bonaparte -eran un grupo reducido, na súa maior parte pertencente ás elites socio-políticas e culturais do país |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -pensaban que o novo goberno era o único medio para lograr a renovación e o cambio en España -a derrota e a retirada dos exércitos franceses levou a moitos deles a exiliarse cara a Francia Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -o termo foi utilizado despectivamente polos “patriotas” para resaltar a súa condición dos afrancesados como colaboracionistas cos invasores |

| | |
|--|---|
| | -algúns pasaron do apoio inicial ao monarca francés a un progresivo abandono por medo ás represalias populares ou polos estragos causados polas tropas francesas - Redacción: correcta e ben exposta. |
|--|---|

Definición do termo **Manifiesto de Sandhurst** (ata 0,5 puntos)

| | |
|-----------------------------|---|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incompreensión do termo. |
| Suspenso (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta. |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -documento asinado por D. Afonso de Borbón, o futuro Afonso XII, expoñendo as ideas básicas do réxime político da Restauración |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -texto redactado por Antonio Cánovas del Castillo -garantía o funcionamento do sistema político liberal -manifiesto datado en 1874 -asinado na academia militar inglesa de Sandhurst, un dos centros onde se formou durante o seu exilio Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Resposta con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: -manifiesto de carácter conservador e católico, a orde social -manifiesto datado en decembro de 1874 -tras a súa publicación produciuse o levantamento do xeral Martínez Campos e a proclamación de Afonso XII como novo rei - Redacción: correcta e ben exposta. |

Definición do termo **Sindicato Vertical** (ata 0,5 puntos)

| | |
|-----------------------------|--|
| Suspenso (0-0,1) | Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto. |
| Suspenso (0,15-0,2) | Resposta confusa ou incompleta. |
| Aprobado (0,25-0,3) | Resposta básica: -sindicato único, inspirado e controlado pola Falanxe -integraba todos os traballadores e empresarios do mesmo sector produtivo |
| Notable (0,35-0,4) | Resposta con algunha destas aclaracións adicionais: -a súa creación supuxo a desaparición dos sindicatos de clase -a súa composición explica que se coñecera como Sindicato Vertical -inspirouse nos réximes fascistas europeos Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (0,45-0,5) | Respostas con algunhas precisións a maiores, ben expostas e axustadas: |

| | |
|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> - a súa afiliación era obrigatoria -oficialmente denominouse Organización Sindical Española -creouse en 1940, pola Lei de Unidade Sindical -disolveuse na transición, durante o goberno de Adolfo Suárez <p>Redacción: correcta e ben exposta.</p> |
|--|--|

Pregunta para desenvolver: **Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos** (ata 3 puntos)

| | |
|--------------------------|---|
| Suspenseo (0-0,6) | Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspenseo (0,9-1,2) | Resposta confusa, que revela a incompreensión do problema presentado. Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. |
| Aprobado (1,5-1,8) | <p>Resposta básica que incide nas seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> -conxunto de decretos que suprimiron o réxime foral da Coroa de Aragón, as súas institucións e leis propias -foi unha reforma auspiciada polo monarca Filipe V -o seu obxectivo era lograr maior grado de centralización territorial, seguindo o modelo francés -xustificouse polo apoio prestado polos aragoneses a Carlos de Austria durante a Guerra de Sucesión -aplicouse en paralelo ao dominio efectivo dos diferentes reinos da Coroa |
| Notable (2,1-2,4) | <p>Resposta que demostra o coñecemento do tema:</p> <ul style="list-style-type: none"> -explícase cunha certa profundidade polo menos unha das cuestións referenciadas <p>Redacción: correcta.</p> |
| Sobresaliente (2,7-3) | <p>Resposta con precisións e aclaracións, que demostra capacidade de expresión:</p> <ul style="list-style-type: none"> -explícanse cunha certa profundidade polo menos dúas das cuestións referenciadas <p>Redacción: correcta, que demostra capacidade argumentativa, dominio do vocabulario e capacidade de síntese.</p> |

Pregunta para desenvolver: **A crise da UCD e o golpe de estado** (ata 3 puntos)

| | |
|------------------------|---|
| Suspenseo (0-0,6) | Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta. |
| Suspenseo (0,9-1,2) | Resposta confusa, que revela a incompreensión do problema presentado. Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. |
| Aprobado (1,5-1,8) | <p>Resposta básica que incide nas seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> -as dificultades políticas da UCD (diferenzas ideolóxicas internas, dificultades parlamentarias, tensións autonómicas) -o contexto do momento: agravamento da crise económica e a escalada do terrorismo de ETA -os resultados: dimisión de A. Suárez e goberno de Leopoldo Calvo |

| | |
|--------------------------|---|
| | Sotelo -o golpe de estado do 23-F (motivacións e protagonistas) |
| Notable (2,1-2,4) | Resposta que demostra o coñecemento do tema: -explícase cunha certa profundidade polo menos unha das cuestións referenciadas Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (2,7-3) | Resposta con precisións e aclaracións, que demostra capacidade de expresión: -explícanse cunha certa profundidade polo menos dúas das cuestións referenciadas Redacción: correcta, que demostra capacidade argumentativa, dominio do vocabulario e capacidade de síntese. |

Composición histórica: **A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos** (ata 5 puntos)

| | |
|--------------------------|--|
| Moi deficiente (0-1) | Resposta en branco (0). A resposta é unha paráfrase dos documentos (1). |
| Deficiente (1,5-2) | Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5). Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, preséntase como a resposta a unha pregunta teórica (2). |
| Aprobado (2,5-3) | Contidos: -referencia básica a crise de 1917 e os seus compoñentes principais: crise militar, política e social -a descomposición do sistema de quendas -a quebra do réxime da Restauración tras o desastre de Annual Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción. |
| Notable (3,5-4) | Contidos (ademais do esixido para o aprobado): -explicar a crise política: a clausura das Cortes e a convocatoria da Asemblea de Parlamentarios polo líder da Liga Rexionalista catalá -sinalar algunha característica da folga xeral de 1917 -explicar algunha das consecuencias sociais e políticas da conflitividade: a expansión do pistolerismo, a descomposición dos partidos dinásticos -referirse a algún aspecto da evolución da guerra de Marrocos: o protectorado español, a guerra no Rif, a derrota de Annual e o seus efectos Uso dos documentos. A resposta analiza parte do contido dos documentos: os obxectivos da Asemblea de Parlamentarios (doc. 1), os protagonistas da folga de agosto de 1917 e as súas peticións (doc. 2), o impacto político da derrota de Annual. Redacción: correcta. |
| Sobresaliente (4,5-5) | Contidos (ademais do esixido para o aprobado e o notable): -sinalar a importancia do contexto internacional na xestación da crise (Primeira Guerra Mundial e os seus efectos) -facer referencia a outras vertentes da crise: a crise militar e a creación das Xuntas de Defensa |

| | |
|--|---|
| | <p>-valoración xeral da problemática analizada</p> <p>Uso dos documentos:</p> <ul style="list-style-type: none">-a resposta afonda na ideoloxía da Asemblea Constituinte (doc. 1)-a resposta ten en conta a autoría do manifesto e a quen vai dirixido (doc. 2)-a resposta ten en conta a orixe do texto (un discurso parlamentario) e a personalidade que o pronuncia (o deputado socialista Indalecio Prieto) <p>Redacción: correcta e precisa, o texto está ben argumentado.</p> |
|--|---|